



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CULLEREDO

Economía, Facenda e Réxime Interior

Corrección do anuncio da aprobación da convocatoria de concesión de subvencións municipais destinadas a asociacións e entidades sen ánimo de lucro do termo municipal de Culleredo e bases reguladoras da mesma, publicado no BOP núm. 237 de 16.12.2022

No Boletín Oficial da Provincia núm. 237 de 16.12.2022 publicouse anuncio da aprobación da convocatoria de concesión de subvencións municipais destinadas a asociacións e entidades sen ánimo de lucro do termo municipal de Culleredo e bases reguladoras da mesma. Advertido un erro no mesmo, procédese á súa corrección.

Onde di:

“**Sexto:** Lugar e prazo de presentación de solicitudes Lugar de presentación de solicitudes: Rexistro Municipal do Concello ou en calquera dos rexistros públicos previstos na Lei do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Ademais tamén poderán presentarse de xeito telemático na sede electrónica do Concello de Culleredo.

Prazo de presentación de solicitudes: 15 días a partir da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña”.

Debe dicir:

“**Sexto:** A presentación realizarase obrigatoriamente por medios electrónicos, de acordo co establecido no art. 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Prazo de presentación de solicitudes: 15 días a partir da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña”.

Culleredo, a 20 de decembro de 2022

A concelleira delegada de participación cidadá, educación e medio rural

Asdo.: Jessica Méndez Sánchez

PD (Resolución do 16.12.2020, BOP núm. 225 de 31.12.2020)

2022/8317